



Dictame
6/00

D I C T A M E

sobre o anteproxecto
de Lei de modificación
da Lei de
Concentración Parcelaria
para Galicia



APROBADO POLO PLENO O 4 de DECEMBRO

Edita: Consello Económico e Social de Galicia

1.- ANTECEDENTES

1.- Con data 10 de novembro de 2000, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do Presidente da Xunta de Galicia, sometendo a consideración deste organismo, polo trámite de urxencia, o borrador do Anteproxecto de Lei de modificación da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia, co obxecto de que o CES emitira o correspondente dictame de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido o luns, 13 de novembro de 2000, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, deuse conta á Comisión Permanente da entrada do texto do borrador do anteproxecto e do comezo dos traballos.

3.- Nesa mesma data, o seu Presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o luns, 20 de novembro, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- Tra-lo estudio do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial nº 1, na súa sesión 14/00, de data 30 de novembro de 2000, aprobou a proposta de Dictame e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- En data 28 de novembro, o Presidente do Consello convoca á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida na súa sesión nº 8/00, de 30 de novembro, en trámite de urxencia, acorda convocalo Pleno do Consello para a aprobación do dictame.

6.- O Pleno do CES-Galicia, na súa sesión 7/00, de 4 de decembro, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

DICTAME

Sobre o Anteproxecto de Lei de modificación da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

1.- Os obxectivos do anteproxecto de Lei de modificación da Lei de Concentración Parcelaria son, entre outros, os seguintes:

- “Clarifica-lo procedemento ó sistematiza-las súas fases, establecéndose como tales as Bases e o Acordo de Concentración Parcelaria, (...) configurándose as antigas fases do procedemento (...), como simples trámites para a consecución de aquelas”.

- “Regula-la nova composición das Xuntas Locais de concentración parcelaria (...) co obxecto de axiliza-la tramitación do proceso(...)”.

- “Aumenta-las maiorías requiridas para inicia-lo proceso concentrador a petición dos interesados(...)”.

- “Engadir, entre os requisitos esixidos para forma-lo estudio de viabilidade de unha zona, a esixencia de recoller unha relación de áreas de especial importancia (...)”.

- “Regula-la concentración das masas forestais”.

- “Modificar substancialmente o articulado da Lei 10/1985 no referente ó Fondo de Terras (...)”.

- “(...) Incluír na presente Lei un réxime sancionador (...)”

- Dar solución “ á situación de aquelas zonas de concentración parcelaria (...) nas que o proceso, por diversos motivos, quedou paralizado despois de levarse a cabo algúns dos seus trámites, sendo legalmente ata agora imposible continua-lo seu procedemento”.

2.- O contido do Anteproxecto de Lei de Modificación da Lei de Concentración Parcelaria estrutúrase en catro artigos, dúas disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

No artigo primeiro sinálanse as modificacións do articulado da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia; no artigo segundo introdúcese o novo Título VII, baixo a rúbrica “Infraccións e sancións”; no artigo terceiro determínanse as modificacións da parte final da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia; e, por último, no artigo cuarto sinálanse as modificacións de capítulos da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia.

Para clarificar as modificacións dos Títulos e artigos do Anteproxecto de Lei de Modificación da Lei de concentración Parcelaria sometido a Dictame, a estrutura do novo texto legal proposto quedaría como sigue:

- O Título preliminar e o Título I (“Disposicións xerais”), que englobaban os artigos 1 ó 8 na Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia, refúndense no Título I, que ten como rúbrica “ Disposicións Xerais” e que comprende os artigos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 da Lei, sufrindo modificación os artigos 3, 4, 6, 7 e 8 da Lei 10/1985; destacando así mesmo, a incorporación do artigo 5 bis, que se corresponde co artigo 19 da antiga Lei 10/1985.

- O Título II, Capítulo I, non modifica a súa rúbrica “Órganos” nin os artigos incluídos, 9, 10 e 11, aínda que si existen modificacións no contido deles, destacando tamén a inclusión do artigo 10 bis que se corresponde co antigo artigo 11, e o artigo 11 que se corresponde co antigo artigo 10.

- Modifícase a rúbrica do Capítulo II do Título II, que de denominarse “Competencias das Xuntas Locais e Grupos Auxiliares de Traballo” pasa a denominarse “Competencias das Xuntas Locais de Concentración Parcelaria”. Por outro lado, aínda que os artigos comprendidos seguen a se-los mesmos, nº 12, 13 e 14, modifícase parcialmente o seu contido.

- Modifícanse os capítulos do Título III relativo ó “Procedemento ordinario”, que quedarán do xeito seguinte:

- O capítulo I, rubricado anteriormente “ Normas xerais”, pasa a denominarse “Fases do procedemento de concentración parcelaria”, correspondendo a este capítulo en ámbolos dous casos tan só o artigo 15 que, ó igual que a rúbrica, modifícase no anteproxecto obxecto de Dictame.

- O capítulo II, rubricado anteriormente “ Iniciación”, pasa a denominarse “Bases da Concentración Parcelaria”. A Lei 10/1985 incluía neste capítulo os artigos 16 e 17; sen embargo, o anteproxecto de Lei de modificación da Lei de Concentración Parcelaria inclúe os artigos 16, 17, 18, 19, 20, 20 bis, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28 e 29, dos que manteñen exactamente o seu contido os artigos 24, 25, 26 e 29; modifícanse parcialmente, por agregación de novidades ou por eliminación de parte do contido, os artigos 16, 17, 18, 20, 21, 22, 23 e 27, e por último os artigos 19, 20 bis e 28 son completamente novos.

- O capítulo III, modifica, como no caso anterior, a rúbrica e

o articulado incluído, pasando a denominarse “Acordo de Concentración Parcelaria”, antes “Estudio de Viabilidade”, e incluíndo os artigos 30, 31, 32, 33 e 34, cando antes incluía os artigos 18 e 19. Os cinco artigos agora incluídos están, ben modificados totalmente como é o caso do artigo 32, ou ben a modificación é parcial como acontece nos restantes catro artigos.

- O capítulo IV, antes rubricado “Decreto”, pasa a denominarse “Publicacións e comunicacións”. Na estrutura da Lei 10/1985 incluía o artigo 20, agora inclúe os artigos 35, 36, 37 e 38, modificados parcialmente todos agás o artigo 38, que mantén o mesmo contido que na Lei 10/1985.

- O capítulo V, “Bases provisionais”, pasa a rubricarse “Revisión”. No que ó articulado respecta, pasa de comprender os artigos 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27 e 28 a incluír os artigos 39, 40, 41, 42 e 43, producíndose só modificacións parciais no artigo 41, e manténdose inalterados os demais.

- O capítulo VI pasa de denominarse “Bases definitivas” a “Execución do acordo”, pasando así mesmo de incluír o artigo 29, a estar incluídos nel os artigos 44, 45 e 46, sufrindo modificacións parciais os dous últimos e manténdose inalterado o artigo 44.

- O Título IV mantén inalterada a rúbrica “Efectos e conservación da Concentración”, modificándose os artigos que se inclúen, pasando de estar constituído polos artigos 47, 48, 49, 50, 51 e 52 a incluír os artigos 46 bis, 47, 48, 48 bis, 49, 50, 51 e 52; destes artigos só manteñen totalmente o seu contido o 48 e 49, modifícanse parcialmente o 47, 50, 51 e 52, e, por último, a modificación é total nos artigos 46 bis e 48 bis.

- O Título V: Capítulo I mantén inalterada a súa rúbrica, “Procedementos especiais e simplificados”, pero amplía o seu articulado, pasando de comprender os artigos 53, 54, 55 e 56 a incluír ademais os artigos 52 bis e 56 bis, que supoñen unha modificación completa, mentres que os artigos 54, 55 e 56 modifícanse parcialmente e o artigo 53 mantén exactamente o seu contido.

- O Capítulo II do Título V, denominado “Concentracións de carácter privado”, mantén inalterados tanto a súa rúbrica coma o seu articulado, artigos 57, 58, 59 e 60, agás unha modificación parcial no contido do artigo 57.

- O Título VI, rubricado na Lei 10/1985 “Obras e melloras territoriais” e

incluíndo os artigos 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69 e 70, non varía a súa denominación e inclúe a mesma numeración dos artigos agás o 70, sen embargo as modificacións no contido dos mesmos son numerosas:

- O artigo 61 do anteproxecto de modificacións da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia correspóndese parcialmente cos artigos 61, 63, 65 e co apartado dous do artigo 2 da Lei 10/1985.
- O artigo 62 está parcialmente modificado correspondéndose co mesmo artigo da Lei 10/1985.
- O artigo 63 correspóndese co artigo 66 da Lei 10/1985 modificado de xeito parcial.
- O artigo 64 correspóndese co artigo 67 da Lei 10/1985 modificado parcialmente.
- O artigo 65 correspóndese co artigo 68 da Lei 10/1985 modificado parcialmente.
- O artigo 66 correspóndese co artigo 69 da Lei 10/1985 modificado de xeito parcial.
- O artigo 67 correspóndese co artigo 70 da Lei 10/1985 modificado parcialmente.
- O artigo 68 é unha modificación total da Lei 10/1985.

- Introdúcese un novo Título VII, baixo a rúbrica “Infraccións e sancións”, comprendendo os artigos 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75 e 76, que, por non estar contemplados na Lei 10/1985, supoñen unha modificación total á mesma.

- As Disposicións Adicionais terceira e cuarta da Lei 10/1985 quedan sen contido e inclúense catro Disposicións Transitorias, unha Derrogatoria e unha Disposición Final.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- Como primeira observación xeral ó Anteproxecto de Lei de Modificacións a Lei de Concentración Parcelaria para Galicia, o CES considera oportuno e necesario o dito anteproxecto para, como di a súa exposición de motivos, resolver algúns problemas que afectan á rendibilidade económica e social da actividade agraria galega, dado que a aplicación da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria de Galicia, non parece, desde hai tempo, o instrumento axeitado para resolvelos.

O CES considera que unha Lei de concentración parcelaria debe se-lo alicerce dunha futura lei que regule a ordenación integral do territorio e as actividades productivas agro-rurais, integrando tódalas políticas de desenvolvemento rural.

2.- Tendo en conta que a verdadeira restricción da concentración parcelaria é o seu financiamento, o CES considera que a clave do éxito dos procesos de concentración parcelaria está na priorización das zonas onde a concentración vaise realizar, de xeito que sexa útil ó obxectivo de acadar a rendibilidade económica e social da actividade agraria galega.

Neste senso, considérase positivo que neste anteproxecto se contemplen os plans de aproveitamento de cultivos e os plans forestais das zonas a concentrar. Sería necesario que se desenvolvese máis o contido e o alcance dos plans de aproveitamento de cultivos, dado que no anteproxecto están regulados con carácter obrigatorio e o seu incumprimento está tipificado como infracción grave.

Débese coidar tamén a coordinación dos procedementos de concentración parcelaria cos plans de ordenación urbana mediante acordos coas administracións afectadas. O CES considera que as concentracións parcelarias que afecten a “zonas periurbanas” non deben acometerse de xeito prioritario. A prioridade da concentración parcelaria debe afectar ás zonas eminentemente agrícolas.

3.- O CES considera que as obrigas que o anteproxecto de Lei sometido a Dictame, impón ós titulares das fincas concentradas, incluíndo a nova tipificación de “infraccións e sancións” contida neste anteproxecto non deberían manterse máis

alá dos prazos que deben establecerse obrigatoriamente para cada fase do expediente de concentración parcelaria:

- Na fase de inicio do procedemento de concentración parcelaria, o prazo entre a presentación da solicitude e a apertura de información polo servizo provincial correspondente, establecido no artigo 16, non debería supera-los sesenta días.
- No Decreto de concentración parcelaria debería concretarse un prazo global máximo que, en todo caso, non podería supera-los catro anos dende a publicación do Decreto de concentración parcelaria ata a publicación do acordo de concentración, polo que debería modificarse neste senso o apartado dous do artigo 20.
- Os prazos establecidos no apartado 1 da disposición transitoria primeira para declarar de oficio caducados os expedientes de concentración parcelaria pola Consellería competente deberían establecerse como norma para calqueira expediente de concentración.

4.- O CES manifesta as súas reservas sobre a oportunidade de prescindir dos “grupos auxiliares de traballo”, unificando nas xuntas locais de zona tanto a colaboración na preparación das bases provisionais e definitivas (clasificación de terras, etc.) como informando ós recursos de alzada contra as ditas bases definitivas.

5.- O CES considera que as especiais características das zonas de cultivos de viñedo (orientación, tipos de terra, sistemas de produción...) requirirían a súa regulación específica dentro deste anteproxecto de Lei sometido a Dictame.

6.- O CES considera que debe excluírse da posibilidade de contratar con empresas privadas os informes técnico-xurídicos previos para a resolución dos recursos contra as bases e os acordos de concentración parcelaria, que, en todo caso, deben ser realizados directamente pola Administración.

7.- O CES considera importante ampliar as competencias das Xuntas Locais de Zona. Neste senso, entende que debe corresponderlle ó pleno da Xunta Local de Zona aprobar os proxectos de concentración sobre plans de cultivo, plans de obras e melloras territoriais e informar os recursos de alzada contra o Acordo de Concentración Parcelaria.

8.- No artigo 5, establécese que “procurarásese” cumprir unha serie de criterios no expediente de concentración parcelaria en defensa dos propietarios das fincas afectadas polo acordo de concentración. O CES considera importante o cumprimento dos criterios expresados neste artigo, polo que propón o cambio da expresión “procurarase” por outra máis esixente, como *“deberase”*.

9.- No artigo 31 do anteproxecto de lei sometido a dictame establécese que a titularidade dos bens e dereitos que constitúen o fondo de terras corresponderá á Comunidade Autónoma de Galicia. O CES considera que debería figurar na exposición de motivos do anteproxecto o recoñecemento das parroquias rurais como entidades locais propias de Galicia. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, debería abrirse a posibilidade de regular, na vindeira lexislatura, o recoñecemento da personalidade xurídica da parroquia rural, co obxectivo de que podan ser titulares dos bens e dereitos que constituén os fondos de terras nos procedementos de concentración parcelaria.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- No artigo 3 do anteproxecto de Lei establécense as obrigas dos titulares das fincas concentradas de conformidade á función social á que está suxeita a propiedade privada, establecendo, no apartado b), manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ó dobre da indicada como mínimo no acordo, coas excepcións do artigo 52. Este apartado establece que corresponde á Consellería competente a sinalización da unidade mínima de cultivo para a zona.

O CES considera que neste apartado do anteproxecto de Lei debería citarse o artigo 23 da Lei 19/1995, de 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, pola que corresponde á Comunidade Autónoma determina-la extensión mínima de cultivo para secaño e regadío nos distintos municipios, zonas e comarcas do seu ámbito territorial. Neste senso, a Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Decreto 330/1999, de 9 de decembro, estableceu as actuais unidades mínimas de cultivo para Galicia.

2.- No artigo 4 establécense as circunstancias das zonas que terán prioridade a efectos dos procedementos de concentración parcelaria.

O CES considera que, dentro do apartado 3 deste artigo, se debería cambiar a orde das circunstancias que dan lugar á declaración de prioridade das zonas a concentrar, introducindo a que no texto se especifica en terceiro lugar como a primeira, de acordo coa observación xeral segunda deste Dictame, na que se manifestaba que a prioridade debe afectar a zonas eminentemente agrícolas. As ditas circunstancias deben ser completadas, neste apartado, considerando ademais o número de traballadores por conta propia no réxime especial agrario ou traballadores no réxime especial de autónomos con explotacións agrarias, así como polo número de explotacións prioritarias existentes nestas zonas. Haberá que ter en conta tamén todas aquelas zonas que, con reducido número de afiliacións, teñen posibilidades de recuperación ou rexeneración.

3.- O CES considera importante, no apartado 3 do artigo 6, que se manteña a expresión da Lei 10/1985 “*se fomentará*”, dada a importancia que ten, para o mantemento das explotacións agrarias, a explotación en réxime cooperativo.

4.- No apartado 2 do artigo 7, o CES considera importante clarificar, nas promocións de novas zonas de concentración, que a validez dos traballos xa realizados se limite soamente ós traballos técnicos efectuados, de forma que se respecten as garantías establecidas no resto das fases do expediente de concentración parcelaria.

5.- De acordo coa observación xeral segunda deste Dictame, o CES entende que, aínda considerando positiva a filosofía do artigo 8, co obxecto de garantir que o esforzo financeiro realizado nun procedemento de concentración parcelaria teña por finalidade prioritaria as zonas de clara vocación agrícola, gandeira ou forestal, o contido do dito artigo respecto á clasificación como solo rústico de especial protección de tódolos terreos resultantes dun proceso de concentración parcelaria, debe ser concordante cos artigos 40 e 41 da Lei de adaptación da Lei do Solo de Galicia.

6.- O artigo 10 do anteproxecto sometido a Dictame establece a composición das xuntas locais de zona.

O CES considera que debería matizarse esta composición:

- engadir un primeiro apartado no que figure o xuíz de primeira instancia como Presidente, con voto de calidade.

- no apartado a), onde di: “que actuará como Presidente, con voto de calidade”, debería dicir: ***“que actuará como Vicepresidente”***.

- no apartado b), elimina-la expresión: “que actuará como Vicepresidente”.

- no apartado c), cando se refire a “o alcalde ou alcaldes dos concellos afectados”, parece máis claro referirse a ***“os alcaldes de cada un dos concellos afectados”***.

- no apartado e), onde se refire a “dous técnicos agronómicos actuantes na zona”, enténdese que debería referirse a ***“dous técnicos agronómicos da Consellería responsables do proceso de concentración na zona”***.

- no apartado g), onde se refire a “catro representantes dos agricultores, no caso de afectar a concentración a un só termo municipal, ou dous por concello de abarcar máis dun termo”, o CES considera que deberían establecerse un ***mínimo de catro representantes***, garantíndose en todo caso a representación de tódalas parroquias afectadas, mantendo o resto do texto deste apartado.

O CES considera que debe engadirse na composición das Xuntas Locais de Zona un apartado que estableza a presenza de cada unha das organizacións sindicais agrarias.

7.- No artigo 10 bis do Anteproxecto de Lei sometido a Dictame establécese a validez das convocatorias ás asembleas dos propietarios residentes na zona para elixir os seus representantes que teñan que formar parte da Xunta Local de Zona.

O CES considera que, no caso de que o procedemento de concentración se inicie a petición dos interesados, ó que se refire o artigo 16, para a válida constitución da Asemblea debe esixirse, en todo caso, a asistencia das maiorías establecidas no dito artigo 16, debéndose convoca-la Asemblea tantas veces como sexa necesario para acadarlas maiorías esixidas.

O CES considera que debe manterse, para o caso de que o procedemento de concentración parcelaria se inicie de oficio pola Consellería competente en mate-

ria de Agricultura, que, en segunda convocatoria, a Asemblea quede validamente constituída calquera que fose o número dos asistentes.

De acordo coa observación xeral cuarta deste dictame, o CES considera que deben manterse os Grupos Auxiliares de Traballo, tendo como función exclusiva a clasificación de terras, polo que procedería que a Asemblea elixise ós seus compoñentes. Neste senso, parece adecuado elixir a 6 representantes dos agricultores coa condición de que ditos representantes non poidan formar parte ó mesmo tempo da Xunta Local de Zona, co que se evitaría que os responsables da clasificación de terras sexan os mesmos responsables de informar os recursos de alzada contra dita clasificación.

8.- No artigo 11 establécese a composición da Comisión Permanente das Xuntas Locais de Zona.

O CES entende que, en coherencia coa consideración feita para o artigo 10, deben tamén formar parte de dita Comisión Permanente as tres cuartas partes dos representantes das organizacións sindicais agrarias.

9.- O artigo 12 do Anteproxecto sometido a Dictame establece as funcións da Xunta Local de Zona.

Con respecto á Comisión Permanente da Xunta Local de Zona, no apartado c) propónse a seguinte redacción: ***“Elabora-los proxectos de concentración sobre plans de cultivo, plans de obras e melloras territoriais”***.

Debería tamén establecerse un apartado d) que obrigue á Comisión Permanente a informar ó Pleno das súas actuacións.

10.- No artigo 13 establécese a colaboración da Xunta Local de Zona co órgano competente en materia de concentración parcelaria.

O CES considera que debe distinguirse neste artigo, por un lado, a colaboración en materia de concentración parcelaria da Xunta Local de Zona, eliminando desta colaboración a clasificación de terras e engadindo as solicitudes de reserva ou exclusión de parcelas, e, por outro lado, debe establecerse a colaboración dos

Grupos Auxiliares de Traballo cos técnicos agronómicos da consellería responsables da concentración na zona, para a clasificación de terras.

11.- No artigo 16 establécese o procedemento de iniciación da concentración parcelaria e as actuacións do Servicio Provincial competente.

Respecto ó procedemento de iniciación da concentración parcelaria, o CES considera oportuno engadir unha nova posibilidade de petición dentro das consideradas no apartado 1 deste artigo, de forma que esta poida iniciarse cando se solicite pola maioría dos agricultores da zona que sexan traballadores por conta propia no réxime especial agrario ou traballadores no réxime especial de autónomos con explotacións agrarias.

Respecto ás actuacións do Servicio Provincial competente en materia de concentración parcelaria, o CES considera que se deben simplificar e establecer un prazo para o inicio de ditas actuacións. De acordo coa observación xeral terceira deste Dictame, propónse o seguinte posible contido para o apartado 2 deste artigo:

“2- Nun prazo máximo de 60 días de recibida a solicitude, o Servicio Provincial competente en materia de concentración parcelaria abrirá información oficiando ó Catastro, ós Concellos afectados ou á Tesourería Xeral da Seguridade Social para comproba-la realidade das maiorías invocadas”. O resto do apartado 2 deste artigo debe suprimirse por mor de axiliza-lo procedemento.

12.- No artigo 18 establécese que cando a solicitude de concentración parcelaria inclúa terreos de uso forestal é necesario requirir informe preceptivo e vinculante do órgano competente en materia de montes. Establécese tamén que dito informe virá acompañado dunha relación de montes veciñais en man común clasificados dentro do perímetro a concentrar.

O CES considera que, para que non quede incompleta a dita relación por falta de clasificación dos montes veciñais en man común, deberían considerarse tanto os montes veciñais en man común clasificados como os que están en proceso de clasificación.

13.- No artigo 20 bis establécese que o Servicio Provincial correspondente

comunique ás administracións afectadas as actuacións previstas sobre a zona concentrada.

O CES considera que debería establecerse, como norma xeral, un prazo máximo de dous meses para que as ditas administracións autonómicas emitan as súas consideracións sobre as actuacións previstas sobre a zona a concentrar que lles poida afectar. Debería tamén considerarse engadir un cuarto apartado ó dito artigo onde se estableza a comunicación ó Rexistro da Propiedade para evitar posibles situacións de dobre inmatriculación.

Tamén podería considerarse a comunicación á Administración Hidráulica do Estado para identificar os bens de dominio público hidráulico da súa competencia.

14.- No artigo 21 relaciónanse os documentos que permiten establece-las bases provisionais.

O CES considera importante que no apartado j) se estableza en todo caso a clasificación do voo das terras de montes con masas forestais, substituíndo a expresión de “poderá facerse ademais da clasificación do solo tamén a do voo” por *“deberá facerse ademais da clasificación do solo tamén a do voo”*.

Neste artigo, en concordancia co artigo 18, debería establecerse un apartado k) que inclúa os documentos coa delimitación dos montes en man común que existan na zona.

15.- No primeiro parágrafo do artigo 24 establécese como afectan as operacións de concentración parcelaria ós bens comunais e veciñais en man común.

O CES considera que as operacións de concentración parcelaria deben limitarse exclusivamente a delimita-lo contorno dos bens comunais e veciñais en man común, dotándoos de acceso e das melloras xerais de que sexan susceptibles.

16.- Nos artigos 26 e 34 establécense as deducións que afectan ás fincas únicas.

O CES considera que ás fincas únicas non se lles debe aplicar ningunha

deducción, polo que debería suprimirse o último parágrafo do artigo 26 e modificá-la redacción do último parágrafo do artigo 34. Onde di: “(...) coas excepcións das fincas únicas e as referidas no artigo 26”, debería dicir: ***“(...) coas excepcións de fincas únicas, ás que non se lle aplicará ningunha deducción”***.

17.- No artigo 28, o CES considera que debería manterse parte da redacción da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria, poidendo quedar o artigo redactado do seguinte xeito: ***“as augas utilizadas de forma permanente para a rega das fincas deberán reseñarse nos planos coa expresión de mananciais, canles públicas e privadas e servidumes”***.

18.- Nos artigos 29 e 36 establécese a publicación das Bases definitivas.

O CES considera que no artigo 29 debe establecerse a súa publicación e notificación e, no artigo 36, que as bases definitivas e o acordo de concentración se notifique a cada un dos propietarios afectados, incluíndo na publicación o Boletín Oficial da Provincia, como se establecía na Lei 10/1985, do 14 de agosto.

19.- No artigo 30 establécese o contido do proxecto de concentración parcelaria.

O CES considera que o plano no que se reflicta sobre as antigas parcelas a nova distribución da propiedade debe sinalar o trazado dos novos camiños e viales. Este plano debe ser facilitado ós propietarios que o soliciten.

No artigo 30 debe engadirse un punto 2 no que se estableza que o proxecto de concentración parcelaria debe incorporar a delimitación dos terreos de uso forestal e os terreos de cultivos agrícolas, pasando ó punto 2 deste artigo a ser un punto 3.

20.- No artigo 31 establécese a constitución do Fondo de Terras coas masas comúns sobrantes, establecéndose as finalidades fundamentais do dito fondo.

O CES entende que a principal finalidade deste fondo é a corrección de erros

que se establece no apartado f) do punto 2 deste artigo, polo que se considera que a corrección de erros debería figurar como apartado a) das finalidades fundamentais do fondo.

Respecto ó punto 4 deste artigo, e co fin de garanti-lo destino que os concellos dean ó 1% da totalidade dos sobrantes das adxudicacións dos lotes de reemprazo, propónse a seguinte redacción: ***“4.- Adscribirase ó Concello para o seu destino a equipamentos colectivos que redunden en beneficios das explotacións agrícolas da maioría dos propietarios da zona...”***.

Respecto ó punto 6 deste artigo, e para clarifica-los prazos establecidos no artigo 46 deste anteproxecto, propónse a seguinte redacción: ***“ 6.- A administración terá un prazo dun ano para a corrección de erros, que se contará...”***.

21.- No artigo 32, e de acordo coas consideracións feitas sobre o artigo 31, parece oportuno que a disposición de superficies para equipamentos colectivos ou outros fins de interese xeral só poida propoñerse unha vez finalizado o procedemento de concentración, de xeito que os ditos fondos garantan en todo caso as finalidades fundamentais. No mesmo senso que a consideración feita ó artigo 31, procedería elimina-lo último parágrafo deste artigo e modificar así mesmo a expresión do penúltimo parágrafo: “fixará a súa titularidade e destino”, por outra como: ***“fixará a súa adscripción e destino”***.

22.- O artigo 35 establece as exposicións das bases e proxectos da concentración parcelaria.

O CES considera que os interesados deben formular en todo caso por escrito as observacións ou suxestións que estimen oportunas, polo que se propón elimina-la expresión “preferentemente” do penúltimo parágrafo do artigo.

Respecto o anexo das bases ou do acordo, no último parágrafo do artigo, considérase oportuno incluír no anexo das bases ou do acordo o informe ás alegacións da Xunta Local de Zona.

23.- No artigo 41 establécense os recursos que se poden interpoñer respecto ó acordo de concentración.

O CES considera que non debe limitarse a interposición do recurso de alzada, polo que o punto 1 do artigo 41 podería quedar redactado como sigue: ***“1.- Contra o acordo de concentración poderán interpoñerse os recursos establecidos na Lei de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común”***.

Neste senso, o CES considera que con esta redacción procedería suprimir o artigo 43 deste anteproxecto.

De acordo coa consideración feita para o artigo 12, debe incluírse un apartado 4 deste artigo, como figuraba na anterior Lei 10/85, de 14 de agosto: ***“4.- Os recursos de alzada serán preceptivamente informados pola xunta local de zona”***.

24.- No apartado 1 do artigo 42 establécense os prazos do silencio administrativo para entender desestimado o recurso de alzada.

O CES considera escaso o prazo de tres meses para resolve-los recursos de alzada contra os acordos de concentración parcelaria, polo que a maioría dos recursos chegarían a vía contencioso-administrativa, dilatando os procedementos de concentración parcelaria. O CES entende que debería redactarse de novo o artigo 42 establecendo un prazo maior, adecuado ós ditos procedementos e manifestando que, en todo caso, a resolución do recurso de alzada será sempre expresa.

25.- O artigo 46 bis regula á acta de reorganización da propiedade, na que se establecen as circunstancias necesarias para describi-las fincas resultantes da concentración co obxecto da súa inscrición no rexistro da propiedade.

De acordo coa consideración feita no artigo 20 bis, cabería engadir no texto deste artigo que na Acta de Reorganización da Propiedade se dese conta das parcelas aportadas xa inscritas para que se proceda a cancela-la súa inscrición.

26.- No apartado 2 do artigo 53 establécese que o procedemento simplificado de concentración parcelaria poderá ser aplicado a zonas de pequena extensión.

O CES entende que non deberían considerarse neste artigo as zonas de

pequena extensión, que se tramitarían como concentración parcelaria de carácter privado, e que se deberían incluír as zonas onde só se concentren terreos de uso forestal.

27.- O artigo 67 do anteproxecto de Lei de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia establece que a Consellería pode contrata-la realización dos traballos do proceso de concentración parcelaria a empresas privadas.

De acordo coa consideración feita ó artigo 12 do anteproxecto, enténdese necesario incluír neste artigo parte do texto da Lei 10/1985, de 14 de agosto: *“A xunta local de zona seguirá os traballos da empresa contratante e poñerá en coñecemento da Consellería calquera anomalía que observe para que poida ser inmediatamente corrixida”*.

28.- Nos artigos 70 e 71 do anteproxecto de Lei obxecto de dictame tipifícanse as infraccións leves e graves do réxime sancionador do anteproxecto.

O CES considera que as infraccións tipificadas como leves nos puntos 3 e 4 do artigo 70 deben tipificarse como infraccións graves.

A tipificación feita no apartado 5 do artigo 70 considérase excesivamente xenérica, polo que se deberían concretar expresamente os requisitos establecidos no anteproxecto de lei dos que o seu incumprimento constitúe infracción leve.

O CES considera que no artigo 71 non sería necesario a tipificación do apartado 6 como infracción grave, xa que a división ou segregación de fincas non é posible realizala, ó establecerse como non válida no artigo 52 deste anteproxecto.

29.- No artigo 73 tipifícanse as sancións polas infraccións cometidas en materia de concentración parcelaria.

O CES entende que, de acordo coa observación xeral segunda, debe clarifícase o contido e alcance da sanción por infracción grave contida no apartado 5 do artigo 71, que tipifica unha casuística moi diferente de posibles infraccións. O CES considera que non ten o mesmo alcance temporal o incumprimento do plan de ordenación de aproveitamento de cultivos, que pode repoñerse a curto prazo, que

o incumprimento do plan forestal, xa que a súa reposición é xeralmente a longo prazo.

30.- No apartado 3 da disposición transitoria 1ª, e co obxecto de definir mellor o valor das achegas dos propietarios, propónse a seguinte redacción:

Onde di: “(...) ó amparo do artigo 8, apartado 1 e 2 desta Lei, tomando como aportación dos propietarios o valor das fincas de reemprazo do pasado proceso”, considérase máis preciso dicir: ***“ó amparo do artigo 7, apartado 1 e 2 desta Lei, tomando como achega dos propietarios o valor das parcelas aportadas do pasado proceso”***.

31.- Na disposición transitoria 4ª, co obxecto tamén de garantir que as modificacións ó procedemento sexan aceptadas polos propietarios sen retrotrae-los trámites, propónse a seguinte redacción:

Onde di: “as modificacións que introduce o presente texto legal aplicaranse os procedemento en curso, sen retrotrae-los trámites”, considérase máis axeitado dicir: ***“as modificacións que introduce o presente texto legal aplicaranse ós procedementos en curso, sen retrotrae-los trámites sempre que se acepte polas maiorías establecidas no artigo 16 da Lei 10/1985, cando o procedemento de concentración parcelaria se inicie a petición dos interesados”***.

En Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2000

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

Anteproxecto de Lei de modificación da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ó abeiro do artigo 30.1 e 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia, que atribúe á Comunidade Autónoma galega competencia exclusiva en materia de fomento e aplicación da actividade económica e en agricultura e gandería, promulgouse a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia, co obxecto de resolver algúns dos problemas que afectaban á rendabilidade económica e social da actividade agraria de tanta relevancia na vida rural galega.

Esta lei supuxo o recoñecemento do feito diferencial galego coa plasmación de figuras como a compañía galega, o petrucio, ou o lugar acasado como base das explotacións agrarias galegas, entre outras; ó mesmo tempo que se establecen disposicións de defensa do patrimonio histórico-artístico de Galicia e das especies de flora autóctona.

Non obstante, desde o ano 1985 véñense producindo notables cambios, tanto técnicos como de mentalidade, froito do avance tecnolóxico ó que o procedemento de concentración parcelaria non pode abstraerse, facéndose necesaria unha reestructuración da regulamentación do mesmo máis acorde coas novas circunstancias nas que se desenvolverá o meritado proceso, aínda que conservando os aspectos básicos daquela regulación que seguen a ser válidos, pero modificándoos e adaptándoos ás necesidades actuais da actividade agrícola galega, entre elas o aproveitamento racional das terras obxecto de concentración parcelaria.

Coas modificacións introducidas pola presente Lei preténdese clarifica-lo procedemento ó sistematiza-las súas fases, establecéndose como tales as Bases e o Acordo de Concentración Parcelaria, pero regulando con máis claridade todo o proceso dende a solicitude da concentración ata a autorización da Acta de Reorganización da Propiedade, configurándose as antigas fases do procedemento establecidas pola Lei 10/1985, como simples trámites para a consecución daquelas.

Asemade, régúlase a nova composición das xuntas locais de concentración parcelaria, prescindindo dos antigos grupos auxiliares de traballo co obxecto de axiliza-la tramitación do proceso, tendo en conta a presenza de agricultores nas devanditas xuntas. Igualmente circunscribíase especialmente ás Bases da Concentración Parcelaria a actuación das xuntas locais, toda vez que é nesta fase onde debe exercer-las súas funcións, xa que nela concrétese a situación inicial da zona a concentrar, precísanse as aportacións determinando tanto a titularidade das parcelas como as cargas que pesan sobre elas, as formas de tenencia, calidade dos terreos, fixación de coeficientes correctores para levar a cabo as compensacións, delimitacións do perímetro,...; mentras que a partir da aprobación das bases o procedemento é eminentemente técnico.

Outra novidade importante refírese ó aumento das maiorías requiridas para inicia-lo proceso concentrador a petición dos interesados, baseando este incremento na maior axilidade que se podería conquistar no procedemento ó presuponer un maior grado de aceptación das labores concentradoras por parte dos afectados.

Entre os requisitos esixidos para forma-lo estudio de viabilidade dunha zona engádese a esixencia de recoller unha relación de áreas de especial importancia polo seu valor xeolóxico, paisaxístico e ambiental, así como unha enumeración dos bens de interese cultural, histórico ou artístico que poideran resultar afectados pola concentración. Asemade, recóllese a obriga de comunicar o inicio da concentración parcelaria ás consellerías competentes en materia de patrimonio cultural e montes, e á Administración Hidráulica autonómica co obxecto de preservar e coordinar obras, no seu máis amplo sentido, e especies nobres e autóctonas existentes na zona que se vai a concentrar.

Na presente Lei regúlase a concentración das masas forestais e a posibilidade de trasladar ó Acordo de concentración a existencia de dereitos de plantacións sobre as parcelas de aportación. Establécense liñas de axuda para a adquisición de determinadas fincas e se posibilita a realización dunha valoración de cumprimento dos fins transcorridos catro anos da finalización do proceso concentrador.

Modifícase sustancialmente o articulado da Lei 10/1985 no referente ó Fondo de Terras. Así a titularidade do Fondo, toda vez que transcorridos quince anos dende a promulgación da devandita Lei non foi operante por non ter acadado as parroquias a personalidade xurídica necesaria, así como o destiño das fincas integrantes do mesmo.

Varíase igualmente o sistema de enquisa ós distintos trámites do proceso concentrador, sempre tendo como finalidade o dereito de información ós afectados polo procedemento.

Outra transformación importante prodúcese no Título correspondente ás obras e melloras territoriais, incluíndose como obras inherentes á concentración algunhas que non se recollen na Lei 10/1985 ou que nesta figuran como complementarias.

Novidade importante é a inclusión na presente Lei dun réxime sancionador tendente a acadalo correcto cumprimento das prescricións contidas na mesma, co que se pretendiu conquistar unha exacta correspondencia entre a infracción administrativa cometida e a sanción a impoñer, clasificándose metódicamente as infraccións que poideran producirse e sendo de especial interese as tendentes a evita-la especulación en solo rústico sancionando o incumprimento dos plans de aproveitamento de cultivos ou forestais, coa regulación que dos mesmos se fai no articulado da presente modificación, que pola súa banda constitúen outra fundamental innovación.

Na Disposición Adicional primeira concúlcase a división ou segregación de calquera finca rústica ós preceptos establecidos na presente Lei.

Sen perder de vista todo o anterior é de resaltar como particularmente interesante a Disposición Transitoria Primeira por canto que ven a dar solución á situación daquelas zonas de concentración parcelaria, algunhas incluso anteriores á Lei 10/1985, nas que o proceso, por diversos motivos, quedou paralizado despois de levarse a cabo algúns dos seus trámites, sendo legalmente ata agora imposible continua-lo seu procedemento.

**Artigo Primeiro.- Modificación do articulado da Lei 10/1985,
do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia.**

Artigo 3.-

1.- De conformidade coa función social á que esta suxeita a propiedade privada, o titular de fincas concentradas queda obrigado a:

a).- Manter ou conserva-la terra cultivada conforme á súa capacidade agrolóxica, aproveitamento axeitado dos seus recursos, en consonancia cós plans de aproveitamento de cultivos ou forestal recollidos no acordo de concentración.

b).- Manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ó dobre da indicada como mínima no acordo, coas excepcións sinaladas no artigo 52.

A este efecto, a Dirección Xeral correspondente da Consellería competente en materia de agricultura, ó aproba-lo acordo, dictará, oída a Xunta local de zona, resolución motivada, sinalando a unidade mínima de cultivo para a zona, que será a suficiente para que os labores fundamentais do seu cultivo, utilizando os medios normais e técnicos de produción, poidan levarse a cabo cun rendemento satisfactorio, tendo en conta as características socioeconómicas da agricultura na comarca ou zona.

2.- O incumprimento destas obrigas ou do plan de ordenación de aproveitamento de cultivos ou forestal, no seu caso, así como o cambio de uso da terra clasificada como labradío ou prado ata tanto os concellos regulen os usos das terras concentradas, dará lugar á imposición de sancións que se determinan nesta Lei.

3.- Os titulares de fincas concentradas serán responsables dos danos causados nas fincas dos propietarios colindantes que non sexan consecuencia do uso normal do inmovible, conforme ás costumes locais, ou por mante-lo predio inculto.

O propietario do inmovible afectado polos danos dolosos ou culposos terá dereito a recibila indemnización correspondente polo danos causados, sendo esixible a responsabilidade ante a xurisdicción civil ordinaria.

Artigo 4.-

1.- A concentración parcelaria levaráse a cabo por razóns de utilidade pública e interese social nas zonas donde o fraccionamento da propiedade rústica e o minifundio agrario constitúan un problema social de carácter estrutural por non permiti-la existencia de explotacións rendibles.

2.- A concentración parcelaria levaráse a cabo previo Decreto acordado pola Xunta de Galicia, a proposta da Consellería competente en materia de agricultura.

3.- Para a declaración destas zonas terán prioridade aquelas nas que se den algunha das circunstancias seguintes:

-O compromiso de titulares de explotacións, propietarios ou cultivadores ós que pertenza ó cincuenta por cento da superficie que se vai concentrar, de constituír cooperativas, sempre que xustifiquen de xeito racional e fundamentado que a concentración facilitará a súa consecución.

-A existencia de proxectos de obras públicas ou outras de interese xeral, sempre que a través deste procedemento poidan facilitarse a súa realización e a distribución máis equitativa dos seus efectos negativos entre os afectados.

-As zonas que pola súa clara vocación agrícola, gandeira ou forestal, a súa situación xeográfica ou o seu potencial humano (crecemento vexetativo), faciliten a estabilización dunha poboación agrícola e o seu desenvolvemento socio-económico.

-Calquera outras razóns que, suficientemente motivadas e documentadas no escrito de petición, demonstren o seu carácter preferencial.

Artigo 5 bis.-

Ós efectos da presente Lei, enténdese por explotación agraria ou lugar acasado o que comprende a casa de labor, edificacións, dependencias e terrenos, aínda que non sexan colindantes, así como toda clase de gando, maquinaria, aperos de labranza e instalacións que constitúan unha unidade orgánica de explotación agropecuaria e forestal.

Asimesmo enténdese por dimensión economicamente viable dunha zona a superficie cultivada por un lugar acasado, compañía familiar ou explotación agraria por baixo da que, tendo en conta os cultivos e a produción da mesma, non se pode obter a rendibilidade necesaria que permita un nivel de vida digno a unha familia media.

Artigo 6.-

1.- Os gastos que ocasionen as operacións de concentración parcelaria serán satisfeitos pola Comunidade Autónoma a través da Consellería competente en materia de agricultura.

2.- A Consellería competente en materia agraria poderá establecer con entidades crediticias os oportunos convenios de colaboración para a concesión de préstamos ós participantes na concentración parcelaria, para aumenta-la extensión das parcelas ou das explotacións que na súa superficie non acaden a unidade mínima ou a dimensión viable; para libera-las cargas e gravámenes das fincas incluídas na concentración; para o pagamento de débedas xustificadas, contraídas como consecuencia da concentración e, en xeral, para calquera outra finalidade que se relacione directamente coa concentración parcelaria.

3.- Poderáse fomentar, mediante axuda económica e técnica, a agrupación de pequenas explotacións ou de parcelas colindantes, a efectos da súa explotación colectiva en réxime cooperativo.

4.- A Consellería competente en materia de agricultura poderá incluír entre as súas liñas de axuda subvencións para aqueles propietarios que, unha vez decretada a concentración dunha zona e mentres a transmisión poida ter acceso ó procedemento, adquiren doutros propietarios terras suxeitas a este proceso, co fin de aumenta-lo tamaño das súas explotacións, e sempre que dita adquisición produza unha diminución no número de propietarios da zona. Os mesmos dereitos corresponderán ós traballadores agrarios por conta allea que coa adquisición de terras reduzan o número de propietarios.

Artigo 7.-

1.-Cando, como consecuencia dun proceso de agrupación de explotacións ou aumento de dimensións das mesmas, os agricultores dunha zona concentrada poidan mellorar substancialmente a estrutura daquelas, a Consellería competente en materia de agricultura poderá promover unha nova concentración, sempre que se obteñan as maiorías referidas no artigo 16 desta lei e cos requisitos previstos no mesmo.

2.-Nestes casos serán válidos os traballos xa realizados en canto resulten utilizables para o novo procedemento de concentración parcelaria.

3.-O perímetro incluído no novo Decreto de concentración parcelaria poderá comprender terreos concentrados ou excluídos doutra ou outras zonas colindantes.

Artigo 8.-

Tódolos terreos resultantes dun proceso de concentración parcelaria serán clasificados como suelo rústico de especial protección.

Artigo 9.-

A execución do procedemento de concentración levarase a cabo polos seguintes órganos:

- a) Pola Consellería competente en materia de agricultura, a través da Dirección Xeral que corresponda, que actuará en cada provincia por medio do adecuado servizo provincial.
- b) Pola Xunta Local de Zona.

Artigo 10.-

1.- As Xuntas Locais de zona son órganos colexiados coas competencias sinaladas no artigo 12 e estarán formadas por:

- a) Un representante da Consellería competente en materia de agricultura competente en materia agraria designado polo seu titular, que actuará como Presidente, con voto de calidade;
- b) O xefe do servizo provincial correspondente da Delegación da Consellería competente en materia de agricultura, que actuará como Vicepresidente;
- c) O Alcalde ou alcaldes dos concellos afectados;
- d) Un representante da cámara agraria provincial, designado polo seu Pleno dentre os seus membros;

- e) Dous técnicos agronómicos actuantes na zona;
- f) Un técnico da unidade comarcal dos servizos comarcais da Consellería onde estea encravada a zona;
- g) Catro representantes dos agricultores, no caso de afectar a concentración a un solo termo municipal, ou dous por concello de abarcar máis dun termo.

Actuará como secretario, con voz e voto, un funcionario da Delegación Provincial da Consellería competente en materia de agricultura que teña a titulación de licenciado en dereito.

Os técnicos agronómicos e o xefe da unidade comarcal da Consellería actuarán con voz pero sen voto.

O vicepresidente substituirá ó presidente, en tódalas funcións e con tódalas competencias que a lei lle confire, caso que este non poida asistir.

Artigo 10 bis.-

Os representantes dos agricultores que teñan que formar parte da Xunta Local de Zona serán elixidos maioritariamente, coa asistencia ó menos da metade máis un dos propietarios residentes na zona, en asemblea convocada e presidida polo alcalde do concello ou o presidente da entidade local menor correspondente. A convocatoria realizarase polo menos con quince días de antelación á data de celebración, sinalando o lugar, día e hora no que se celebrará a asemblea, e será publicada nun diario dos de maior tirada da provincia e nos lugares de costume da parroquia e do concello. Se non se acadase a maioría referida na primeira asemblea convocarase unha segunda, que quedará validamente constituída con independencia do número de asistentes.

Artigo 11.-

1.- As Xuntas Locais actuarán en pleno e en comisión permanente. Comporán a comisión permanente o presidente ou vicepresidente, o secretario, os técnicos agronómicos e tres cuartas partes dos representantes dos agricultores que estes elixan ou, no seu defecto, os de menor idade.

2.- Se a zona de concentración abarcase máis dun termo municipal constituirase a Xunta Local da Zona no afectado en maior extensión.

3.- A Xunta local de zona terá o seu domicilio no local específico habilitado na zona ou, no seu defecto na sede do concello correspondente, ós efectos de celebración de reunións, publicación de documentos e informacións orais. A Xunta Local de Zona poderá designar outros locais nos que se presentará atención ó público un número de horas determinado nos días hábiles en que existan fases de exposición ó público.

4.- Os escritos e alegacións deberán presentarse na forma e lugares previstos na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sin perxuício das especificacións establecidas por esta Lei.

Artigo 12.-

Correspóndelle á Xunta Local de Zona:

1.-En pleno:

- a) Aproba-las bases provisionais e definitivas.
- b) Informa-los recursos de alzada contra as bases definitivas.
- c) Informar, de propia iniciativa, sobre as cuestións da concentración parcelaria a calquera das unidades ou órganos competentes en materia de agricultura, e ser oída nas consultas que as mesmas lle formulen.

2.-En comisión permanente:

- a) Colaborar na preparación das bases provisionais e definitivas.

- b) Estudia-las alegacións á enquisa das bases.
- c) Asesorar non proxectos de concentración, realizando consulta sobre os plans de obras e melloras territoriais.

Artigo 13.-

A Xunta Local de Zona, en todo caso e sen perxuízo do disposto no artigo anterior, colaborará co órgano competente en materia de concentración parcelaria en todo aquilo para o que sexa requerida, cooperando nos traballos de investigación da propiedade, clasificación de terras, servidumes ou serventías, determinación de canles e masas de rega, con expresión dos dereitos concesionais, aproveitamentos preexistentes, servidumes e usos consuetudinarios en materia de augas, determinación das explotacións agrarias en funcionamento, delimitación das zonas que teñan que adicarse á produción forestal así como das zonas para as que se require especial protección medio ambiental e en cantas cuestións de orde práctico contribúan ó mellor coñecemento e concreción das situacións de feito na zona.

Artigo 14.-

A Xunta Local de Zona, mediante convocatoria do seu presidente, constituirase inmediatamente despois de publicado o Decreto de concentración parcelaria e disolverase unha vez que se teña declarada a firmeza do Acordo de Concentración.

Artigo 15.-

A concentración parcelaria levarase a cabo a través de dúas fases claramente diferenciadas:

- a) Bases da concentración.
- b) Acordo de concentración parcelaria.

Artigo 16.-

1.-O procedemento de concentración parcelaria poderá iniciarse a petición de alomenos as dúas terceiras partes dos propietarios da zona para a que se solicita a mellora, ou da maioría dos titulares dos lugares acasados con actividade agraria e que teñan o principal das súas bases territoriais na zona, ou ben dun número calquera deles ós que pertenza máis do sesenta e cinco por cento da superficie que se vai concentrar. Esta porcentaxe quedará reducida ó cincuenta por cento cando os que soliciten a concentración se comprometan a explotar-las súas terras de xeito colectivo.

2.- Recibida a solicitude, o servizo provincial competente en materia de concentración parcelaria abrirá información para comproba-la realidade das maiorías invocadas, á que se invitará a tódolos propietarios e titulares de lugares acasados da zona non conformes coa concentración, para que fagan constar por escrito a súa oposición. A Dirección Xeral correspondente apreciará os principios de proba presentados polos oponentes en función dos criterios establecidos na presente lei.

3.-Así mesmo, o Servizo provincial emitirá informe sobre os criterios de prioridade a que fai referencia o artigo 4 da presente lei.

Artigo 17.-

1.-A Consellería competente en materia de Agricultura, poderá asimismo iniciar a concentración parcelaria de oficio, procurando a súa realización en zonas concretas do territorio da Comunidade Autónoma Galega:

- a) Cando a dispersión parcelaria e o minifundio agrario se presenten con acusados caracteres de gravidade nunha zona determinada, de tal xeito que a concentración se considere necesaria ou moi conveniente.
- b) Cando a través da Consellería a insten os concellos, que farán consta-las circunstancias de carácter

social e económico que concorran en cada zona.

c) Cando existan proxectos de obras públicas ou outras de interese xeral, sempre que a través deste procedemento poidan facilitarse a súa realización e a distribución mais equitativa dos seus efectos entre os afectados.

d) Cando, por causas da explotación de coutos mineiros, sexa necesaria unha importante cesión de terras de utilización agraria, de tal xeito que se estime que o procedemento de concentración parcelaria poida compensar os efectos da expropiación e paliar-lo problema social que se puidese derivar.

Artigo 18.-

1º.- Comprobado-los datos ós que se refire a solicitude da concentración parcelaria dunha determinada zona o Servicio provincial correspondente, oída a Administración Hidráulica autonómica no marco da planificación hidrolóxica e da planificación de saneamento de dita Administración, procederá a tramita-lo expediente, realizando un estudo do estado actual da zona e dos resultados previsibles como consecuencia da concentración, no que, cando menos, constarán os seguintes extremos:

a) Grao de división, dispersión e situación xurídica das parcelas, en relación coas explotacións agrarias en actividade na zona.

b) Descrición dos recursos naturais, con referencia especial ás terras abandonadas ou con aproveitamentos inadecuados.

c) Relación de áreas de especial importancia polo seu valor xeolóxico, paisaxístico e ambiental. Así mesmo, enumeraránse os bens de interese cultural, histórico ou/e artístico que poidan resultar afectados pola concentración parcelaria.

d) Valoración das posibilidades de establecer unha nova ordenación de explotacións con dimensións suficientes e estruturas axeitadas a través da concentración parcelaria.

e) Estudio de avaliación de impacto ambiental dos traballos inherentes ó proceso concentrador.

f) Determinación do grao de aceptación social das medidas transformadoras previstas.

g) Avaliación económica e financeira dos investimentos necesarios.

2º.- Cando a solicitude da concentración parcelaria inclúa, total ou parcialmente, terreos de uso forestal ou algún recurso natural que interese manter ou protexer, o Servicio Provincial correspondente requirirá informe, preceptivo e vinculante, do órgano competente en materia de montes, ós efectos de incluír ou non eses terreos no perímetro da zona a concentrar.

Se o informe aludido non se emite no prazo de dous meses, entenderáse que existe conformidade coa solicitude. Se é o caso, o informe do órgano competente en materia de montes virá acompañado dunha relación de montes veciñais en man común clasificados dentro do perímetro a concentrar, donde, se é posible, figure titularidade, superficie, delimitación do perímetro, plano do monte e linderos, así como enumeración e descrición daquelas masas arboladas e/ou espazos que haxa que conservar ou teñan unha especial relevancia, ou calquera outra mención relativa á conservación e/ou fomento dos recursos medioambientais.

O estudo de viabilidade que elabore o servicio provincial correspondente incorporará, ademais dos extremos sinalados no punto primeiro deste artigo, os datos remitidos polo órgano competente en materia de montes."

Artigo 19.-

Á vista do resultado do estudo a que fai referencia o artigo anterior, a Consellería competente en materia de agricultura proporá ó consello da Xunta a aprobación do Decreto de concentración parcelaria da zona.

Artigo 20.-

1.- Cando a Xunta de Galicia estimase razóns agronómicas e sociais que xustifiquen a concentración ditará Decreto cos seguintes pronunciamentos:

a) Declaración de utilidade pública e interese social e de urxente execución da concentración parcelaria da zona de que se trate.

b) Determinación do perímetro que se sinala no principio como zona a concentrar, coa salvedade expresa de que pode resultar modificado en definitiva polas inclusións/rectificacións ou exclusións que se acorden de conformidade co artigo 23 e seguintes.

2.- A partir da súa publicación, e contando con tódolos datos do estudio de viabilidade, as actuacións posteriores ó Decreto de concentración parcelaria axilizaráanse ó máximo para que a tardanza na realización da concentración non signifique unha parálise da posibilidade do desenvolvemento socioeconómico da zona afectada.

Artigo 20 bis.-

1.- Publicado o Decreto de concentración parcelaria o Servicio Provincial correspondente deberá comunicar os plans de actuacións previstas sobre a zona a concentrar a todos aqueles Departamentos da Administración Autonómica que poideran resultar afectados pola concentración, a fin de que quede debidamente reflectida no expediente de concentración calquera incidencia que poidera xurdir.

2.- O Servicio Provincial que corresponda comunicará á Consellería competente en materia de patrimonio cultural, a iniciación da concentración e, no posible, o perímetro da zona a concentrar, ós efectos de identificación, exame, preservación e conservación dalgunha obra, monumento ou vestixio que poida ter interese histórico ou monumental.

Do mesmo xeito farase esta comunicación á Consellería con competencias en materia de montes, co fin de que se poidan preservar as especies nobres e autóctonas existentes na zona que se vai concentrar.

3.- Igualmente, o Servicio Provincial comunicará á Administración Hidráulica autonómica a iniciación da concentración para os efectos de identificación dos bens de Dominio Público Hidráulico, dereitos concesionais, aproveitamentos preexistentes, usos consuetudinarios e servidumes existentes en materia de augas.

Artigo 21.-

En vigor o Decreto de concentración parcelaria, o Servicio provincial correspondente realizará os traballos precisos en orde a prepara-los documentos que permitan establece-las bases provisionais, cos seguintes datos:

- a) Delimitación do perímetro da zona e dos subperímetros cultivados, cultivables e forestais.
- b) Proposta de parcelas excluídas e reservadas.
- c) Clasificación de terras e fixación previa, con carácter xeral, dos respectivos coeficientes que teñan que servir de base para levar a cabo as compensacións que resulten necesarias.
- d) Declaración de dominio das parcelas a favor de quen as posea en concepto de dono, determinación da superficie pertencente a cada un deles e da clasificación que corresponda á citada superficie.
- e) Relación de gravámenes, dereitos de plantacións de viñas e outros cultivos leñosos, censos, arrendamentos e demais titularidades e situacións xurídicas que afecten á propiedade, á posesión ou ó disfrute, que quedaran determinadas no período de investigación.
- f) Aproveitamento de augas de rega, pozos, manantiais e dereitos provenintes dos usos e concesións de auga.
- g) Relación de explotacións agrarias, lugares acasados e compañías familiares da zona, na que se constatarán os nomes dos titulares e as terras levadas en explotacións, refirindo superficies, nomes dos propietarios e modos de tenza.
- h) Determinación da dimensión economicamente viable das explotacións agrarias, lugares acasados e compañías familiares da zona.
- i) Relación de masas forestais autóctonas das que se propoña a súa conservación, así como dos paraxes ou entornos de especial interese histórico-arquitectónico ou paisaxísticos ou calquera outra área, dentro da

zona de concentración, que por razóns de interese xeral se estime conveniente conservar. Desta relación darase conta ás autoridades ou organismos competentes, para que, no caso de consideralo oportuno, se fagan as calificacións necesarias ou se adopten as medidas adecuadas para preservalos da súa destrución.

j) Cando estivesen incluídas terras de monte con masas forestais, poderá facerse ademais da clasificación do solo tamén a do voo, así como a recompilación de todos cantos datos poidan servir de base á elaboración do plan de ordenación forestal a que fai referencia o artigo 56 bis.

Artigo 22.-

Unha vez reunido-los datos que permitan establece-las bases provisionais e aprobadas pola Xunta Local de Zona, realizarase unha enquisa relativa ás mesmas no prazo e xeito determinados no artigo 35.

Para lles da-la máxima difusión ós resultados dos traballos a que este artigo se refire o Servicio provincial correspondente facilitará ós interesados unha folla resume na que se relacionen: nome e apelidos do titular, documento nacional de identidade e, no seu caso, do cónxuxe, estado civil, natureza xurídica dos bens, situación posesoria, cargas e situacións xurídicas detectadas no período de investigación, dereitos concesionais, aproveitamentos preexistentes, usos consuetudinarios e servidumes en materia de augas, número de parcela e polígono, superficie total de cada unha e a que corresponda a cada clase, así como explotación, lugar aca-sarado, compañía familiar ou mellorado (petrúcio con mellora de labrar ou posuir) a que pertencen.

Ós titulares das explotacións existentes na zona facilitaráselles unhas follas nas que se relacionen as propiedades que leven nas distintas formas de tenza e os propietarios a que pertenza cada finca, co seu número de parcela e polígono e coa superficie de cada clase e total.

Artigo 23.-

1.- O perímetro da zona virá delimitado no Decreto de concentración parcelaria e coincidirá, en principio, cos límites da parroquia. Con independencia do establecido no apartado seguinte, as solicitudes de concentracións parcelarias con perímetro inferior ó da parroquia tramitaráanse como concentracións de carácter privado.

Cando polas causas que se expresan no apartado seguinte o perímetro da zona deba ser superior ou inferior ó da parroquia, xuntaráse, ó estudo de viabilidade, informe suficientemente motivado, emitido polo servicio provincial correspondente, xustificativo do perímetro da zona .

2.- A Dirección Xeral competente na materia poderá, ata a declaración de firmeza das Bases Definitivas, rectifica-lo perímetro cando sexa necesario:

- a) Polas esixencias do plan de obras e melloras territoriais.
- b) Para adaptalo ós límites de unidades xeográficas naturais.

3.- No perímetro rectificado non poderá incluírse soamente unha parte dunha parcela, agás que medie consentimento do seu titular e sempre que a porción restante que non resulte afectada polo procedemento concentrador sexa superior á unidade mínima de cultivo.

4.- O Acordo de rectificación será obxecto de notificación ou publicación na forma prevista na lexislación vixente.

Artigo 27.-

1.-As terras aportadas á concentración agruparanse por clases e cultivos, segundo criterios edafolóxicos e productivos, asignándose-lles a cada clase un valor relativo, ó efecto de levar a cabo as compensacións que resulten necesarias.

2.-A tódalas parcelas asignaráselles en bases provisionais o valor que resulte da súa clasificación, conforme ó apartado primeiro deste artigo.

Artigo 28.-

As augas utilizadas de forma permanente para a rega das fincas deberán reseñarse nos planos.

Artigo 30.-

1.- Fírmase as bases, o Servicio provincial correspondente, coa colaboración da Xunta Local de Zona, procederá á preparación do proxecto de concentración parcelaria que constará dun plano no que sobre as antigas parcelas se reflicta a nova distribución da propiedade, relación de propietarios na que, con referencia ó devandito plano, se indiquen as fincas que nun principio se lle asignan a cada un; relación de explotacións agrarias e terras que lles corresponden nos distintos modos de tenza, con enumeración dos donos de cada lote asignado e de servidumes prediais que, no seu caso, se establezan segundo as conveniencias da nova ordenación da propiedade.

2.- Ó proxecto de concentración parcelaria incorporaráse un plan de aproveitamentos dos cultivos axeitados ás características agrolóxicas das terras, de xeito que se poida acadar o maior nivel de produtividade das mesmas.

Se a zona de concentración incluíra terreos de uso forestal ou algún recurso natural que interese protexer ou manter, o Servicio Provincial oportuno requirirá do órgano competente en materia de montes, a elaboración do correspondente plan forestal da zona que será emitido nun prazo de catro meses. Se transcorren catro meses sen a elaboración do referido plan, entenderáse que existe conformidade coas actuacións que, a ese respecto, realice a Consellería competente en materia de agricultura.

3.- Cando sexa necesario modifica-lo sistema de regos preexistente, incluírase tamén no proxecto de concentración parcelaria un prorrateo de augas, que deberá ir acompañado dun plano onde se reflictan as áreas regables e a súa rede de distribución.

4.- Serán trasladados ás fincas de reemprazo respectivas aqueles dereitos de plantacións de viñas e outros cultivos leñosos sobre parcelas aportadas á concentración parcelaria e recoñecidos conforme á normativa vixente. Para iso, os titulares deses dereitos, no período de enquisa do proxecto, formularán por escrito as suxerencias que estimen oportunas sobre o devandito traslado.

5.- O proxecto de concentración parcelaria aprobaráse polo Servicio provincial competente, previo informe da Xunta Local de Zona, e será sometido a enquisa de xeito e nos prazos establecidos no artigo 35.

Artigo 31.-

1.- Constituirase un fondo de terras en cada zona que se concentre, que se nutrirá cos sobrantes das adjudicacións dos lotes de reemprazo e con toda clase de aportacións ou adquisicións que por calquera título se fagan ó mesmo.

2.- As finalidades fundamentais do fondo de terras serán:

- a) Facilita-la ampliación das explotacións da zona concentrada.
- b) Estimula-la implantación de novas explotacións con dimensións e estruturas axeitadas que poidan favorecer-la creación de emprego, dando prioridade ós novos agricultores que se establezan na zona e ós emigrantes retornados que así o manifesten e acrediten.
- c) Á mellora das explotacións existentes, procurando promocionar aquelas que non acadando a dimensión economicamente viable poidan demostra-la súa futura eficiencia económica.
- d) Ás melloras e equipamentos colectivos máis amplos.
- e) Á investigación, a través da súa utilización como campos de ensaio e demostración.
- f) Á corrección de erros manifestos dos que se deriven prexuízos para os afectados pola concentración.
- g) Preservación de espazos naturais ou conservación do patrimonio histórico-artístico de Galicia.

3.- A titularidade dos bens e dereitos que constitúen o fondo corresponderá á Comunidade Autónoma de Galicia. Estes bens e dereitos quedarán adscritos á Consellería competente en materia de agricultura, que estará autorizada a exercer as funcións dominicais sobre este patrimonio segundo o establecido na lexislación patrimonial, agás cando estean atribuídas pola dita lexislación ó Parlamento ou ó Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo do informe previo da Consellería de Economía e Facenda para os actos de disposición sobre bens inmoebles.

A xestión do aproveitamento e a ordenación e fomento da produción forestal respecto dos terreos que estén considerados de uso forestal, corresponderá ó órgano competente en materia de montes.

4.- Adxudicarase ó Concello para o seu destino a equipamentos colectivos que redunden en beneficio da maioría dos propietarios da zona, ata un máximo do un por cen da totalidade dos sobrantes das adxudicacións dos lotes de reemprazo. Se transcorridos cinco anos dende a aprobación da Acta de Reorganización da Propiedade as fincas así adxudicadas non se tiveran adicado ó fin previsto, revertirán ó Fondo de Terras.

5.- A Administración Autónoma de Galicia poderá establecer sistemas de axudas económicas dirixidas a logralo cumprimento das finalidades previstas no parágrafo 2º deste artigo.

6.- Para a corrección de erros o prazo será dun ano, que se contará dende que o acordo de concentración sexa firme. Transcorrido o devandito prazo, a adxudicación de fincas que como consecuencia de esta rectificación se levaran a cabo, reflectiranse nunha acta complementaria da de reorganización da propiedade e inscribíranse no Rexistro a favor dos adxudicatarios.

Artigo 32.-

Se durante o procedemento de concentración se puxera de manifesto a necesidade ou conveniencia de dispoñer de determinadas superficies para equipamentos colectivos ou outros fins de interese xeral, a Xunta Local de Zona poderá propoñer esta utilización con cargo ó Fondo.

A Dirección Xeral con competencias na materia, unha vez aprobada a proposta, fixará a súa titularidade e destino, dándose desta resolución a oportuna publicidade.

Ó redactarse a acta de reorganización incluírase dito titular como adxudicatario do lote correspondente.

Artigo 33.-

1.- Á vista do resultado da enquisa do proxecto de concentración parcelaria, o Servicio Provincial correspondente redactará o acordo da nova ordenación da propiedade que se axustará estrictamente ás bases, e no que se incluírá o plan de aproveitamentos de cultivos ou forestal, se é o caso, ó que fai referencia o artigo 30 da presente Lei.

Na medida en que o permitan as necesidades da concentración, teranse en conta as circunstancias que, aínda non habendo quedado reflectidas na clasificación de terras, concorran no conxunto das aportacións de cada participante, ase como tamén o prorrato de augas.

2.- O órgano competente en materia de montes e medio ambiente, verificará que o acordo de concentración parcelaria se axusta ó plan forestal elaborado segundo o disposto no artigo trinta, procedendo a consellería competente en materia de agricultura, en caso contrario, a toma-las medidas pertinentes para que o acordo de concentración se axuste ó devandito plan.

3.- O acordo aprobárase pola Dirección Xeral competente na materia e será publicado na forma que determina o artigo 36.

Artigo 34.-

As aportacións de terras polos particulares participantes na concentración parcelaria están suxeitas ás deducións seguintes:

1.- Ata un 3 por 100 para o axuste das adxudicacións das fincas de reemprazo.

2.- Ata un 6 por 100 para realizar, en beneficio da zona de concentración parcelaria, as obras precisas a que se refire o artigo 61, número 2-1.

Ditas deducións deberán afectar na mesma proporción a tódolos participantes da concentración, coas excepcións de fincas únicas e a referida no artigo 26. No primeiro destes casos a dedución levarase a cabo tendo en conta os beneficios que lle poida reporta-lo proceso de concentración.

Artigo 35.-

As enquisas sobre as bases e proxecto de concentración, ás que se refiren os artigos 22 e 30 e concorrentes, abranse mediante avisos insertos por oito días no taboleiro de anuncios do concello e ademais nos lugares de costume das parroquias, facendo público que estarán expostos os documentos correspondentes nos prazos que se sinalan neste artigo.

A exposición das bases, proxecto de concentración parcelaria e calquera outro extremo do expediente que a Dirección Xeral competente na materia decida publicar, realizarase simultaneamente nos concellos e nun ou varios locais das parroquias afectadas, designados pola Comisión Permanente da Xunta Local de Zona, e neles garantirase o libre acceso de tódolos interesados por un mínimo de catro horas ó día.

Esta exposición farase por tempo de vinte días, susceptibles de prórroga polo Servicio provincial correspondente, previa petición da Comisión Permanente da Xunta Local de Zona.

Durante estes prazos os interesados poderán formular, preferentemente por escrito, as observacións ou suxerencias que estimen oportunas, procedendose ó seu estudio por un funcionario cos suficientes coñecementos técnicos e outro coa condición de licenciado en dereito, o que poderá ter como consecuencia as modificacións pertinentes que serán reflectidas nas Bases Definitivas ou no Acordo de Concentración Parcelaria, segundo corresponda.

As alegacións resolveráanse coa aprobación das Bases ou do Acordo, nos que, nun anexo asinado polos funcionarios anteditos, faráanse constar de maneira individualiza as mesmas e a solución que se lles teña dado, sendo notificadas ós interesados.

Artigo 36.-

Unha vez aprobadas as bases definitivas e o acordo de concentración, publicaranse polo Servicio provincial correspondente, mediante aviso inserto por unha soa vez no Diario Oficial de Galicia e no diario de maior circulación da Provincia, así como por oito días no taboleiro de anuncios do concello e nos lugares habituais da parroquia, advertindo que os documentos estarán expostos durante 30 días naturais, que comezarán a contarse dende o día seguinte á publicación do aviso no Diario Oficial de Galicia, e que, dentro do citado prazo, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro competente en materia de agricultura.

Artigo 37.-

Tódalas notificacións e citacións que teñan que dirixirse ós titulares de explotacións, propietarios, titulares de dereitos reais e situacións xurídicas e, en xeral, ás persoas afectadas polos traballos de concentración parcelaria, faráanse persoalmente ó domicilio dos interesados que figure nas bases, sen prexuízo das que se poi-

dan realizar por medio de edictos e da súa inserción nos taboleiros de anuncios dos concellos, lugares de costume da parroquia e no Diario Oficial de Galicia, os que surtirán os mesmos efectos que as leis atribúen ás notificacións e citacións.

Artigo 41.-

1.-O acordo de concentración só poderá ser obxecto de recurso de alzada se se infrinxen as formalidades prescritas para a súa elaboración e publicación ou se non se axustase ás bases a que se refire o artigo 21.

2.-Os recursos poderán ser interpostos polos titulares dun dereito subxetivo ou de interese directo, persoal e lexítimo no asunto que os motive.

3.-Durante o tempo sinalado para recorrer o expediente estará de manifesto e a disposición dos interesados, para que estes poidan examinalo e formular, no escrito do recurso, as alegacións que estimen oportunas.

Artigo 45.-

1. O acordo de concentración poderá executarse, previo apercibimento persoal por escrito, mediante compulsión directa sobre aqueles que se resistisen a permitirla toma de posesión das fincas de reemprazo, dentro dos termos e nas condicións previamente anunciadas pola Dirección Xeral, sen prexuízo das sancións que poideran impoñerse ós que non permitan a toma de posesión das fincas de reemprazo, previa a instrución do oportuno expediente sancionador conforme ó disposto no Título VII desta Lei.

2. Dende que os participantes reciban da Dirección Xeral a posesión provisional ou definitiva das fincas de reemprazo, gozarán, fronte a todos, dos medios de defensa establecidos nas leis.

Artigo 46.-

Dentro dos sesenta días seguintes á data en que as fincas de reemprazo se poñan á disposición dos participantes para que tomen posesión delas, os interesados poderán reclamar, acompañando dictame pericial, sobre diferencias superiores ó dous por cento entre a cabida real das novas fincas e a que conste no título ou no expediente de concentración. Se a reclamación fose estimada, a Dirección Xeral poderá, segundo as circunstancias, rectificarlo acordo, compensar ó reclamante con cargo ó fondo de terras ou, se isto último non fose posible, indemnizalo en metálico.

Artigo 46 bis.-

1.- Fírme o Acordo de Concentración Parcelaria a que se refire o artigo 33, a Dirección Xeral correspondente da Consellería competente en materia de agricultura, autorizará a Acta de Reorganización da propiedade, na que se relacionarán e describirán as fincas resultantes da concentración coas circunstancias necesarias para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, os dereitos reais e situacións xurídicas que teñan sido determinados no período de investigación e a finca sobre a que deban establecerse, así como os novos dereitos reais que se constitúan nas novas fincas de reemprazo.

2.- A inscrición dos títulos de concentración no Rexistro da Propiedade rexirase polo disposto na lexislación do Estado na materia.

Artigo 47.-

A entrada en vigor do Decreto de concentración parcelaria a que se refire o artigo 19, faculta ó Servizo provincial correspondente para realiza-las obras que ela mesma aprobe, que, no suposto de afectar ó Dominio

Público Hidráulico e ás zonas de servidume e policía de canles haberán de contar coas preceptivas autorizacións e concesións a outorgar pola Administración Hidráulica autonómica; chantar marcos ou sinais, convocar reunións, recabar datos precisos para a execución da concentración, establecer plans de cultivos e ocupacións temporais de fincas mentres se tramita o expediente. Dende a devandita entrada en vigor calquera obra ou mellora requirirá a previa autorización do referido Servicio, que no caso de non concedela dictará resolución motivada.

Os propietarios e cultivadores terán a obriga de coidar e cultiva-las fincas, sen que se poida cortar ou derribar arbolado, extraer ou suprimir plantacións ou realizar actos que poidan diminuí-lo valor da parcela sen a a previa autorización do Servicio provincial correspondente.

As plantacións, obras ou melloras realizadas sen autorización non serán tidas en conta a efectos de valoración e clasificación das parcelas.

Os que infrinxan o anteriormente disposto, serán sancionados previa instrución do oportuno expediente conforme ó disposto no Título VII desta Lei.

Artigo 48 bis.-

A inclusión dunha finca no Plan de aproveitamentos de cultivos ou forestal, obrigará ó seu titular ó estricto cumprimento deste ata tanto o concello regule os usos das terras concentradas.

Artigo 50.-

1.- Co obxecto de facilita-la diminución do número de propietarios da zona, unha vez publicado o Decreto de concentración parcelaria, o Servicio provincial correspondente porá a disposición das persoas interesadas en incrementa-lo tamaño da súa explotación, un listado elaborado a partir da notificación feita por aqueles que queiran vende-las súas parcelas, se é o caso.

2.- Será potestativo dar efecto no expediente de concentración ás transmisións ou modificacións de dereitos que se comuniquen despois de comezada a publicación das bases e ata a firmeza das mesmas, quedando o adquirente subrogado no lugar e posto do anterior, coas limitacións deberes e obrigas que resulten do procedemento da concentración.

3.- Antes que sexa firme o acordo de concentración, os interesados poderán propoñer permutas de fincas de reemprazo, que serán aceptadas sempre que, a criterio do Servicio provincial correspondente, non haxa prexuízo para a concentración e, en tal caso, a situación resultante recollerase na acta de reorganización da propiedade.

Artigo 51.-

Rematada a concentración, e salvo os supostos recollidos nas letras b) e c) do artigo seguinte, a división ou segregación dunha finca rústica non será válida cando dea lugar a parcelas de extensión inferior á unidade mínima de cultivo establecida conforme ó disposto no artigo 3.1.b) e, consecuentemente, non poderá ser obxecto de ningún dos auxilios ou beneficios que a Consellería competente en materia de agricultura poida conceder para a mellora das explotacións.

Artigo 52.-

Non será válida a división ou segregación de fincas de reemprazo, agás nos seguintes casos:

a) Cando se trate de disposicións en favor de propietarios de fincas colindantes, sempre que como consecuencia da división ou segregación, tanto a finca que se divide ou segrega coma a colindante, non resulte de

extensión inferior á unidade mínima de cultivo a que se refire o artigo 3.1.b).

b) Se é consecuencia do exercicio do dereito de acceso á propiedade establecido na lexislación especial de arrendamentos rústicos.

c) Se se produce por causa de expropiación forzosa.

Artigo 52.bis.-

Mediante orde do Conselleiro competente en materia de agricultura, oída a Xunta Local de Zona, e por sobrevir circunstancias excepcionais debidamente xustificadas polo Servicio Provincial correspondente, poderá dividir unha zona de concentración en sectores independentes. Neste caso a execución e publicación dos distintos trámites do proceso poderán realizarse en cada sector con independencia dos restantes.

Artigo 54.-

1.-Cando, a consecuencia de cambios experimentados nas explotacións agrarias ou na infraestrutura dunha zona xa concentrada, se considere que poden mellorarse substancialmente as estruturas mediante unha nova concentración daquelas, a Consellería competente en materia de agricultura queda facultada para promovelas, previo informe do Concello ou da Cámara Agraria Provincial correspondente, observándose, en canto á solicitude e procedemento o disposto nos artigos 14 e seguintes, sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo anterior.

2.-A zona obxecto de nova concentración poderá comprender dúas ou máis zonas ou parroquias xa concentradas, ou parte delas, podendo incluírse, se se considerase conveniente, sectores ou parcelas anteriormente excluídas.

Artigo 55.-

Se a concentración se promove por existir proxectos de obras públicas ou outras de interese xeral, sempre que a través deste procedemento poida facilitarse a súa realización e a distribución máis equitativa dos seus efectos entre os implicados, observaranse as normas do procedemento simplificado referido ó artigo 53, coas seguintes particularidades.

1.-A entidade concesionaria da obra, a instancia da Consellería competente en materia de agricultura determinará, con referencia a un plano, as parcelas ou aquela parte delas que ocupará a obra pública projectada, con expresión detallada da superficie.

2.-Previo estudio, no que se terá en conta o trazado e a superficie que vai ocupa-la citada obra pública, a Consellería, se procede, realizará a concentración, promovendo o Decreto de concentración parcelaria, no que se determine o perímetro da zona e se expresen tódolos gastos que a mesma orixine. A redución para obter os terreos que vai ocupa-la obra pública non será superior á quinta parte do perímetro da zona.

3.-A superficie total que ocupará a obra pública obterase por redución proporcional das aportacións dos participantes. Ademais desta redución aplicaranse as que prevé o artigo 34.

4.-A entidade concesionaria valorará, para fixa-la indemnización, as parcelas que se van ocupar, ben por convenios cos afectados ou ben polos medios establecidos na lexislación sobre expropiación forzosa. A estes efectos rechazarase a clasificación prevista no artigo 27 e demais disposicións do procedemento de concentración.

5.-No proxecto asignaráselle a cada participante o valor que resulte da súa aportación, coas reducións sinaladas no número 3 deste artigo.

6.-Unha vez coñecida, na enquisa das bases provisionais e proxectos, a valoración indemnizatoria da enti-

dade concesionaria os propietarios poderán optar por recibir de inmediato o seu importe en metálico. Neste caso a superficie das parcelas indemnizadas destinarase a mitiga-la redución proporcional das aportacións sinalada no citado número 3 do presente artigo.

7.-A ocupación dos terreos para a execución da obra pública levarase a efecto no acordo; non obstante a entidade concesionaria poderá ocupalos a partir do momento en que sexan aprobadas as bases provisionais. Neste caso incluíranse nelas os convenios cos afectados dirixidos a obter unha garantía suficiente na execución dos traballos de concentración.

8.-As indemnizacións resultantes da valoración da entidade concesionaria distribuiranse entre tódolos participantes en proporción á detracción do valor aportado á concentración.

9.-A superficie ocupada pola obra pública adxudicarase a nome da Administración ou entidade titular daquela.

Artigo 56.-

Se a concentración se promove se cando por causas da explotación de coutos miñeiros, sexa necesaria unha importante cesión de terras de utilización agraria, de tal xeito que se estime que o procedemento de concentración parcelaria poida compensa-los efectos da expropiación e palia-lo problema social que se puidese derivar, observaranse as normas sinaladas nos artigos 53 e 55 coas seguintes particularidades:

A entidade concesionaria, a instancia da Consellería competente en materia de agricultura, determinará con referencia a un plano, as parcelas que ocupará o couto miñeiro con expresión detallada da superficie, nome do seu propietario, valor fixado a efectos de expropiacións e número de explotacións que desaparece-rán por mor do citado couto. Tales datos serán obxecto de información pública e, á vista do seu resultado, a Consellería promoverá, se procedese, a concentración.

Artigo 56 bis.-

Cando se decrete a concentración parcelaria de montes ou terreos repoboados o Servicio Provincial correspondente da Consellería competente en materia de agricultura, previo ó coñecemento dun plan de orde-nación forestal aplicable a ditos terreos, poderá propoñe-la simplificación dalgún dos trámites do procedemento de concentración no caso de que estivera aprobado un plan de ordenación forestal aplicable a esos terreos. A referida simplificación non poderá implicar diminución de garantías, tanto na súa execución coma nos dereitos dos titulares afectados.

A proposta será obxecto de información pública por un prazo de 30 días e, á vista das alegacións formu-ladas, será aceptada ou rexeitada pola Dirección Xeral correspondente da Consellería competente en materia de agricultura.

O acordo de concentración parcelaria de montes levará anexo o seu plan forestal, de conformidade co establecido nos artigos 30 e 33 da presente Lei, que será obrigatorio para tódolos titulares afectados ata tanto o concello regule os usos das terras concentradas.

Artigo 57.-

Cando dous ou máis propietarios titulares de fincas integradas en explotacións independentes, mediante permuta ou por calquera outro título, agrupen fincas cunha superficie que sexa como mínimo de media hec-tárea en cultivos intensivos e horta, unha hectárea en labradío ou prado e cinco hectáreas en monte, os gas-tos correspondentes ó outorgamento de escrituras, inscricións rexistrais e outros lexítimos, correrán a cargo da Consellería competente en materia de agricultura.

Artigo 61.-

1.- Unha vez firmes as Bases, a Dirección Xeral correspondente da Consellería con competencias en materia de agricultura, a proposta do Servicio Provincial, aprobará un plan de obras e melloras territoriais que reflectirá tódalas actuacións que como obras anexas á concentración parcelaria levaranse a cabo na zona.

No suposto de que o citado Plan prevexa obras que afecten competencias da Administración Hidráulica autonómica, o mesmo requirirá informe previo favorable de compatibilidade de ditas obras coa planificación hidrolóxica das Concas de Galicia Costa e co plan de saneamento de Galicia, que, á súa vez, comportará a autorización administrativa correspondente a cada unha delas, a emitir no prazo de 45 días.

2.- As obras contidas nos plans de obras e melloras territoriais clasificaranse nos seguintes grupos:

2.1.- Obras e melloras inherentes ou necesarias para a concentración parcelaria, considerando como tales::

- a) Rede de camiños rurais, coas súas obras de fábrica anexas, saneamento de terras, cavadura de montes para o seu destino ó cultivo, eliminación de accidentes naturais e artificiais que impidan o cultivo axeitado dos lotes de reemprazo, nivelacións e outros traballos de conservación do solo.
- b) Acondicionamento de regadíos xa existentes, canalización de augas e defensa de marxes.
- c) Obras e actuacións para a restauración e conservación de recursos naturais, incluída a posibilidade de adquirir inmobles a particulares para a consecución deste fin. Para este tipo de obras e melloras será necesaria a conformidade previa do órgano competente en materia de medio ambiente.
- d) Abastecemento de augas, redes de saneamento, aproveitamento comunitario de enerxías alternativas e electrificación de núcleos rurais coa potencia axeitada as súas necesidades.
- e) En xeral, aquelas obras e melloras que beneficien as condicións agrarias e ecolóxicas da zona ou teñan por obxecto corrixi-los defectos de infraestrutura.

2.2.- Obras complementarias, entendéndose as que sin relacionarse directamente coa concentración parcelaria contribúan ó seu satisfactorio desenvolvemento económico e social, redundando en beneficio de tódolos agricultores ou dalgún deles, incluíndose neste grupo as seguintes:

- a) Cortellos, instalacións para o gando, implantación de pradeiras e pasteiros, valados e, previo informe vinculante do órgano competente en materia de montes, repoboación forestal nas áreas correspondentes.
- b) Calquera outra mellora permanente que redunde en beneficio de tódolos labregos da zona ou dalgún grupo deles.

3.- O importe das obras inherentes ou necesarias para a concentración parcelaria ás que se refire o apartado 2.1 deste artigo o financiara a Xunta de Galicia a través da Consellería competente en materia de agricultura.

4.- As obras complementarias a que se fai referencia no apartado 2.2. deste artigo, poderán ser executadas e sufragadas na contía, condicións e coas garantías que se fixen regulamentariamente.

Artigo 62.-

1.- A partir da entrada en vigor do Decreto de concentración parcelaria declarando de utilidade pública e interese social a concentración parcelaria dunha zona, a Consellería competente en materia de agricultura, en calquer momento do procedemento, poderá ocupar temporalmente os terreos da mesma que sexan precisos para dotar ás novas fincas da axeitada rede de camiños ou para realizar traballos relacionados coa concentración.

A ocupación temporal dos anteditos terreos rexerase, en canto ás indemnizacións que haxa de satisfacerse ós propietarios afectados, polos preceptos da lexislación vixente en materia de expropiación forzosa.

2.- Cando para a realización da obra e mellora resulte necesaria a expropiación forzosa de terreos non

suxeitos a concentración a Consellería poderá utilizar, ó expresado fin, o procedemento urxente que na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa se estableza.

Para que a Consellería poida facer uso da facultade expropiatoria que lle atribuí este artigo será preciso que a necesidade e a urxencia da expropiación se expuxese e razoase no plan de obras e melloras territoriais ou que, se a necesidade xurdiu con posterioridade a tal aprobación, se obtenga da referida Consellería a autorización correspondente.

3.-Cando se trate de terreos suxeitos a concentración os seus propietarios non serán indemnizados en metálico, senón que o valor de aqueles computarase nas bases, sen prexuízo das demais indemnizacións e garantías que se establezan na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa.

Artigo 63.-

1.-Os proxectos das obras a que se refire o artigo 61.2.1, axustaranse na súa redacción ó correspondente plan de obras e melloras territoriais e aprobaranse pola Dirección Xeral correspondente da Consellería competente en materia de agricultura.

Unha vez aprobados serán obxecto de publicación nos lugares de costume das parroquias e no concello ó que pertenza a zona, para información dos afectados, non sendo necesaria autorización municipal para a execución das obras.

A contratación axustarase ós trámites administrativos previstos na lexislación pertinente.

2.-Os proxectos de obras incluídos no artigo 61.2.2 serán, así mesmo, obxecto de publicación, a fin de que os labregos, cooperativas ou outras entidades interesadas poidan, con coñecemento dos prezos e demais condicións da operación, deducir a solicitude correspondente, asumir o compromiso e presta-las garantías que se sinalen.

Artigo 64.-

1.- O acordo da Dirección Xeral correspondente da Consellería competente en materia de agricultura de entregar unha obra executada por ela e incluída nos seus plans, constitúe un acto administrativo que, no caso de que a obra non se axeite ós proxectos correspondentes ou non se entregase a quen corresponda, poderá ser recorrido polas persoas ou entidades que se deban facer cargo dela. O devandito acordo será inmediatamente executivo e dará lugar ó nacemento de tódalas obrigas dimanantes da entrega.

2.- Dentro dos trinta días contados dende o seguinte ó da notificación do acordo poderase interpoñer recurso ante a Consellería competente en materia de agricultura. A resolución de dito recurso poñerá fin á vía administrativa. A notificación será sempre persoal cando a obra deba ser entregada a unha soa persoa ou entidade.

3.- A resolución dos recursos ós que se refire este artigo determinará, se procede, a diminución proporcional do prezo ou a execución das reformas precisas a expensas da Consellería. Se os defectos da obra a fan absolutamente inaxeitada para o uso ó que se destina, acordarase, a petición do recorrente, a resolución do compromiso por el asumido.

4.-Firme o acordo, no momento en que se lles notifique formalmente ós interesados, reputarase feita a entrega das obras e transmitido o dominio.

Artigo 65.-

1.- A Consellería competente en materia de agricultura poderá establecer convenios coas deputacións, concellos, e agrupacións de agricultores, co obxecto de conseguir unha axeitada conservación das

obras de calquera clase incluídas nos seus planes, determinando nos mesmos a forma de presta-lo servizo e reembolsa-los gastos ocasionados.

2.-Os que impidan, destrúan, deterioren ou fagan mal uso de calquera obra ou sinalización incluída nos plans de concentración parcelaria serán sancionados, previa instrución do oportuno expediente sancionador conforme ó disposto no título VII da presente Lei.

3.-As demais normas relativas á conservación das obras, segundo as súas diferentes clases, serán dictadas mediante disposicións especiais.

Artigo 66.-

As deputacións, concellos, e calquera outras entidades territoriais con personalidade xurídica de ámbito local ás que se entregue a propiedade da rede de camiños rurais, comprometeranse formalmente a consignar nos seus orzamentos os recursos necesarios para a súa conservación.

Artigo 67.-

A Consellería competente en materia de agricultura poderá contratar a realización dos distintos traballos do proceso concentrador a empresas privadas de conformidade coa lexislación vixente en materia de contratos.

Artigo 68.-

Transcorridos catro anos da súa finalización, a Consellería competente en materia de agricultura, deberá realizar unha avaliación das zonas de concentración ós efectos de valora-lo grado de consecución dos obxectivos perseguidos ó inicia-lo proceso.

Artigo Segundo.- Introdúcese o novo Título VII, baixo a rúbrica “Infraccións e sancións”, comprendendo os artigos 69,70, 71, 72, 73, 74,75 e 76.

TÍTULO VII INFRACCIONES E SANCIONES

Artigo 69.-

1.- Son sancionables as accións e omisións que infrinxan o establecido na presente Lei, sen perxuício das responsabilidades esixibles na vía penal, civil ou de outra orde en que poideran incurrir.

2.- As infraccións ó establecido na presente Lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 70.-

Son infraccións leves:

1. Non coidar e cultiva-las fincas á entrada en vigor do Decreto de concentración parcelaria.
2. Dificulta-los traballos de investigación e clasificación de terras.
3. Realizar, á entrada en vigor do Decreto de concentración parcelaria, obras ou melloras nas fincas sen a correspondente autorización.
4. Cortar ou derrubar arbolado, extraer ou suprimir plantacións ou cultivos permanentes, esquilma-la terra e realizar actos que diminúan o valor das parcelas nun valor inferior ó 10 %, unha vez que o Decreto de concentración parcelaria tivera entrado en vigor.

5. Calquera outra acción ou omisión que supoña incumplimento de calquera dos requisitos establecidos na presente Lei e que non estén clasificado como falta grave ou moi grave.

Artigo 71.-

Son infraccións graves:

1. Impedir ou dificultar-lo amolloamento, sinalización ou a realización das obras que aprobe o Servizo provincial correspondente, así como retirar-los sinais cando estén instalados.
2. Destruir obras, cortar ou derrubar arbolado, extraer ou suprimir plantacións ou cultivos permanentes e esquilma-la terra e realizar actos que diminúan o valor das parcelas nun valor superior ó 10 % unha vez que o Decreto de concentración parcelaria tivera entrado en vigor.
3. Impedir ó personal encargado da realización dos traballos de concentración parcelaria o acceso ás parcelas ou fincas para o desenvolvemento da súa función.
4. O deterioro ou mal uso de calquera obra de interese xeral incluída nos planes de obras e melloras territoriais.
5. Non cultivar-las fincas conforme á súa capacidade agrolóxica e ó aproveitamento axeitado dos seus recursos, o cambio do uso da terra clasificada como labradío ou prado e o incumprimento do plan de ordenación de aproveitamento de cultivos ou forestal, conforme establece o artigo 3 e 30 e concordantes da presente Lei.
6. Realizar divisións ou segregacións de fincas de extensión inferior ó dobre da indicada como mínima no acordo de concentración, a excepción do sinalado no artigo 52 da presente Lei.
7. A comisión de dous o máis faltas leves, nun período dun ano.

Artigo 72.-

Son infraccións moi graves:

1. Impedir ou obstaculizar-la toma de posesión das novas fincas de replazo.
2. Impedir ou obstaculizar-la realización das actuacións comprendidas no Plan de Obras e Melloras Territoriais
3. A comisión de dous o máis faltas graves, nun período dun ano.

Artigo 73.-

1.- As infraccións en materia de concentración parcelaria se sancionarán da seguinte forma:

- a) As infraccións leves con multa de 10.000 a 50.000 pesetas,.
- b) As infraccións graves contidas nos apartados 1,2,3,4, 6, e 7 do artigo 71, con multa de 50.001 a 250.000.- pesetas. A infracción grave contida no apartado 5 do artigo 71 será sancionada co reintegro dos custos do proceso de concentración que lle sexan imputables.
- c) As infraccións moi graves con multa de 250.001 a 500.000.- pesetas.

2.- O Consello da Xunta mediante Decreto, poderá proceder á actualización dos importes das sancións contidas na presente Lei.

3.- En todo caso, o infractor deberá repoñer-la situación alterada ó seu estado orixinario, así como indemnizar os danos e perxuízos causados, segundo se determine na resolución que poña fin ó expediente sancionador.

4.- Nos supostos a que se refire a lexislación de procedemento administrativo, poderán impoñerse, previo apercibimento, multas coercitivas, reiteradas por lapsos de dous meses.

Artigo 74.-

Os órganos das consellerías competentes en materia de agricultura e medio ambiente natural, ós que corresponde a imposición de sancións pola comisión das infraccións contidas na presente Lei, serán os seguintes:

- a) Ós Delegados provinciais con competencias por razón da materia, a imposición de sancións pola comisión de infraccións leves.
- b) O director Xeral competente por razón da materia, para as infraccións graves.
- c) O Conselleiro competente pola comisión de infraccións moi graves.

Artigo 75.-

As infraccións administrativas ó establecido na presente Lei prescribirán as leves no prazo de seis meses, as graves no de dous anos e as moi graves ós tres anos.

Artigo 76.-

Para a instrución de expedientes e imposición de sancións por infraccións ó establecido na presente Lei, se estará ás normas reguladoras do procedemento sancionador común.

Artigo Terceiro.- Modificación das disposicións da parte final da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia.

1. Disposición Adicional Tercera.

Sen contido.

2. Disposición Adicional Cuarta.

Sen contido.

Artigo Cuarto.- Modificación de capítulos da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia.

1. O Título Preliminar e o Título Primeiro refúndense nun único Título, que será o Primeiro, tendo como rúbrica “Disposicións Xerais” e que comprenderá os artigos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, e 8 da Lei.

2. Modifícase a rúbrica do Capítulo II do Título II, que pasará a denominarse “Competencias das Xuntas Locais de Concentración Parcelaria”, comprendendo os artigos 12, 13 e 14 da Lei.

3. Modifícanse os capítulos do Título III relativo ó “Procedemento Ordinario” que quedarán do xeito seguinte:

- a) Capítulo I, rubricado “Fases do Procedemento de Concentración Parcelaria”, comprendendo o artigo 15 da Lei.
- b) Capítulo II, rubricado “Bases da Concentración Parcelaria”, comprendendo os artigos 16, 17, 18, 19, 20, 20 bis, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28 e 29 da Lei.
- c) Capítulo III, rubricado “Acordo de Concentración Parcelaria”, comprendendo os artigos 30, 31, 32, 33 e 34 da Lei.
- d) Capítulo IV, rubricado “Publicacións e comunicacións”, comprendendo os artigos 35, 36, 37 e 38 da Lei.
- e) Capítulo V, rubricado “Revisión”, comprendendo os artigos 39, 40, 41, 42 e 43 da Lei.
- f) Capítulo VI, rubricado “Execución do Acordo”, comprendendo os artigos 44, 45 e 46 da Lei.

4. Modifícase o Capítulo Primeiro do Título V, relativo a “Procedimentos Especiais e Simplificados”, que comprenderá os artigos 52 bis, 53, 54, 55, 56 e 56 bis.

Disposicións adicionais

Primeira.- Réximen de unidades mínimas de cultivo.

A efectos do establecido no artigo 25 da Lei estatal 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, a división ou segregación dunha finca rústica só será válida nos supostos establecidos no artigo 52 da presente Lei.

Segunda.- Adaptacións terminolóxicas.

As referencias que efectúa a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia á Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, á Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario e á Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias, entenderáanse realizadas á Consellería competente en materia de agricultura, e á Dirección Xeral e Servizos Provinciais correspondentes da Consellería competente en materia de agricultura.

Disposicións transitorias

Primeira.-

1.- A Consellería competente en materia de agricultura poderá declarar de oficio caducados, a proposta do correspondente Servizo provincial e previo informe motivado, aqueles expedientes de concentración parcelaria que á data de entrada en vigor da presente Lei, tiñan sido iniciados por Decreto, que despois da súa publicación quedaron paralizados por cinco ou máis anos sen que ó amparo dos mesmos se dictaran actos administrativos firmes.

2.- Respecto dos expedientes de concentración parcelaria que, á entrada en vigor da presente Lei, tiñan sido iniciados por Decreto, que despois da súa publicación quedaran paralizados por dez ou máis anos e ó amparo dos cales se realizaran actuacións que conduxeran á declaración de firmeza das bases definitivas ou se executaran outros investimentos por parte da Administración, poderán ser declarados nulos aqueles actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa, de conformidade e cos requisitos establecidos na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común.

3.- Nos expedientes de concentración parcelaria administrativamente concluídos, levados a cabo con anterioridade ós RR.DD. 2423/82 e 1124/85 polos que se traspasan funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de reforma e desenvolvemento agrario, pero nos que a reorganización da propiedade non foi aceptada polos interesados, poderán solicitar estes unha nova concentración ó amparo do artigo 8, apartado 1 e 2, desta Lei, tomando como aportación dos propietarios o valor das fincas de reemprazo do pasado proceso.

Segunda.-

Nas Xuntas Locais xa constituídas con anterioridade á entrada en vigor da lei, os vocais das extintas Cámaras Agrarias locais substituiráanse por dous agricultores dentre os elixidos en reserva para formar parte de ditas Xuntas Locais ou, no seu defecto, dos integrantes dos grupos auxiliares de traballo ós que se refería o artigo 13 da Lei 10/1985, de 14 de agosto. A estes efectos atenderáse o orde que figure nas actas de asemblea ás que facía referencia o artigo 11 da mencionada lei.

O presidente da extinta cámara agraria local será substituído por un representante da Cámara Agraria provincial, elixido polo Pleno dentre os seus membros.

Terceira.-

As terras sobrantes correspondentes ós procedementos de concentración parcelaria realizados dende a entrada en vigor da Lei 10/85, de 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia, seránlle de aplicación o disposto no artigo 31.3 da presente Lei.

Cuarta.-

As modificacións que introduce o presente texto legal aplicaranse ós procedementos en curso, sen retrotraelos trámites.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto na presente Lei.

Disposición final

Facúltase ó Consello da Xunta para dictar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento da presente Lei sexan precisas.

A presente lei entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Dictame
6/00